

Cuestión 6. Reconquista e repoboación

O controvertido termo “reconquista” utilízase para referirse ó proceso histórico de avance dos reinos cristiáns peninsulares, xurdidos tras a creación de Al-Andalus, sobre territorios en poder musulmán. Foi un proceso lento, complexo e descontinuo no tempo.

Etapas da Reconquista.

Séculos VIII - X.

- Na zona da Cordilleira Cantábrica, nunca controlada polos musulmáns, refuxiouse poboación cristián-visigoda que se enfrontou ás incursións do exército musulmán (batalla de Covadonga, 722). Este núcleo de resistencia é a orixe do Reino de Asturias, que estableceu a capital en Oviedo e manifestou a súa independencia do Emirato negándose a pagar tributos. Na segunda metade do século IX, aproveitando a debilidade dos emires cordobeses, ocupou o territorio situado entre a Cordilleira Cantábrica e o Douro (zona despoboad e abandonada de gornicións militares cordobesas). Para controlar mellor as novas terras trasládouse a capital a León (Ordoño III, 914) e o reino pasou a denominarse **Reino de León**. Para defender o leste do reino creouse o **Condado de Castela**, amplamente fortificado e gobernado por condes; un deles, Fernán González, proclamouse independente (927) e como consecuencia dunha serie de casamentos pasou a mans de Sancho III de Pamplona.

- Na zona Oriental, Carlomagno, rei dos francos, estableceu a Marca Hispánica (zona fortificada do Imperio Carolinxio dividida en condados e gobernada por condes dependentes do emperador). Ó longo do século IX, estes condados, aproveitando as liortas entre os descendentes de Carlomagno, independízanse dos francos e crean o Condado de Aragón; o Reino de Pamplona (futuro reino de Navarra) e os Condados Cataláns (o de Barcelona é o máis poderoso).

O Reino de Pamplona esténdese cara á Rioja e Aragón.

O avance dos reinos cristiáns viuse freado no século X pola creación do Califato e pola necesidade de repoboar e consolidar as terras xa conquistadas.

Séculos XI - XIII.

A debilidade e fragmentación do poder político en Al-Andalus (reinos de taifas tras a desaparición do Califato e intentos errados de recompoñer o poder andalusí por parte de almorábides e almohades) facilitou a expansión dos reinos cristiáns cara ó sur.

- A principios do século XI, o Reino de Pamplona, baixo o reinado de Sancho III o Maior, tivo a hexemonía sobre os reinos cristiáns (anexionou os condados de Sobrarbe, Ribagorza, Aragón e Castela e fixo vasalos seus ós reis de León e ós condes de Barcelona). No entanto, á súa morte (1035), o reino dividiuse entre os seus fillos con títulos de reis (Fernando I, rei de Castela; Ramiro I, rei de Aragón e García Sánchez de Navarra). Fernando I unirá por primeira vez os reinos de Castela e León, pero estes volverán a separarse e unirse en varias ocasións e perderán os territorios do suroeste coa **independencia do Reino de Portugal** (Alfonso Henriques en 1143)

- Nos séculos XI e XII o avance prodúcese a costa dos reinos dos taifas e dos almorábides. Os reinos de León e Castela chegaron o val do Texo a finais do XI (conquista de Toledo por Alfonso VI en 1085), pero o avance quedou freado pola chegada dos almorábides. Na segunda metade do XII alcanzan o val do Guadiana (León expandiuse por Extremadura e Castela por Castela-A Mancha). Portugal acadou Lisboa (1147). O reino de Aragón estendeuse polo val medio do Ebro (Zaragoza cae en poder de Alfonso I o Batallador, en 1118) e logo polos cursos altos do Turia e do Xúquer. Os Condados Cataláns alcanzan o delta do Ebro (Ramón Berenguer IV ocupa Tortosa en 1148). Nos territorios orientais, a morte sen descendencia de Alfonso I o Batallador provocou unha serie de conflitos que remataron coa chegada o trono de Navarra de García Ramírez o Restaurador e coa creación da Coroa de Aragón (unión dinástica de Aragón e dos Condados Cataláns).

- O século XIII foi o das grandes conquistas cristiás. En 1212 unha coalición de tropas castelás, aragonesas, navarras e portuguesas, comandadas polo rei castelá Alfonso VIII, derrotou ós almohades nas Navas de Tolosa, o que debilitou o seu poder e facilitou a fragmentación do territorio nos terceiros reinos de taifas. Esta debilidade permitiu a Portugal conquistar o Algarve; á Coroa de Aragón, con Jaume I o Conquistador, Mallorca, Valencia e Denia; á Coroa de Castela (xurdida da unión definitiva do reino de Castela e o de León con Fernando III o Santo en 1230), o val do Guadalquivir (Fernando III toma Córdoba, Jaén e Sevilla; Alfonso X o Sabio, Cádiz) e Murcia. O dominio musulmán na Península quedaba reducido ó reino nazarí de Granada, que será conquistado polos Reis Católicos en 1492.

Repoboación. Coñécese como repoboación o proceso de ocupación e colonización cristiá das terras reconquistadas. Coa repoboación pretendíase asegurar as novas fronteiras **-finalidade estratéxica-**, a través do asentamento dunha poboación guerreira e campesiña; e revitalizar as terras conquistadas ós musulmáns- **obxectivo económico-**, fomentando o crecemento da produción agraria (agricultura e gandería) e, conseqüente, dos recursos da facenda real. Ademais a repoboación servía ós reis para contrarrestar o poder señorial ó permitir a creación de núcleos urbanos habitados por home libres (non suxeitos a servidume). Tras a conquista, o reparto das terras correspondíalle ó rei, que pagaba con terras a axuda militar prestada.


Modelos de repoboación: presura, cartas de poboamento, doazóns e repartimentos.

- **A presura ou *aprisio*** (denominación nos territorios orientais) é a forma de apropiación territorial predominante nos inicios da Reconquista. Pola presura ou *aprisio* o rei autoriza a establecerse nun determinado territorio, que pasa a ser propiedade de quen o ocupase e cultivase. Pode levala a cabo o rei, e logo distribuír a terra entre colonos ou encomendar a súa colonización ós nobres; ou pode realizarse libremente por campesiños ou comunidades monásticas que posteriormente solicitan a aprobación do rei. Os campesiños que obtíñan terras por concesión real posuían certa autonomía na xestión desas terras (podían deixalas en herdanza ós seus descendentes ou realizar accións de compravenda sen supervisión).


- **A carta de poboamento e a carta foral.** É un documento outorgado por unha autoridade señorial ou eclesiástica ós repoboadores dunha vila ou cidade situada nunha zona despoboad. Para atraer poboadores, estas cartas outorgaban privilexios a quen alí se asentase (concedían terras, eximían de taxas e obrigas feudais, regulaban as feiras e mercados, establecían os órganos de goberno e as sancións polo incumprimento da lei). As cartas de poboamento máis antigas son as outorgadas por Alfonso II a comezos do século IX. Nos séculos X-XIII estimularon a aparición ou recuperación de vilas e cidades nos vales do Douro e do Ebro.

- **Doazóns ás Ordes Militares.** Nos séculos XI e XII, ante os ataques de almorábides e almohades, os reis valéronse das Ordes Militares (agrupacións de monxes soldados que defenden a cristiandade, como a Orde do Hospital, a do Temple, e as peninsulares de Santiago, Calatrava, Alcántara e Montesa) para avanzar na reconquista (carácter de cruzada). A cambio da súa participación nas campañas militares da conquista, recibían grandes extensións de terras, administradas por un cabaleiro da Orde co título de comendador. Estes latifundios foron dedicados á gandería pola abundancia de terreo, a escasa poboación e o temor a un ataque musulmán. Foron frecuentes nas terras comprendidas entre o Texo e Serra Morena, nos cursos alto e medio do Turia e Guadiana e nas serras de Cuenca e Teruel.

- **Repartimento.** Consistía no reparto de lotes de terras entre aqueles que participaran na conquista. O tamaño e valor do lote repartido, denominado *donadío*, dependía do rango social e militar do receptor. O resultado foi a aparición de grandes latifundios, en mans da nobreza, do clero e das Ordes Militares. Esta modalidade de repoboación deuse desde finais do século XII nos vales do Guadiana e do Guadalquivir.



Testamento de Sancho III el Mayor y fragmentación de sus dominios a su muerte. El nacimiento de dos nuevos reinos: Castilla y Aragón.



La corona de Aragón en tiempos de Alfonso II.

CREACIÓN DA COROA DE ARAGÓN.

Unión dinástica. Matrimonio de Petronila, filla de Ramiro II e herdeira do trono de Aragón, e Ramón Berenguer IV, conde de Barcelona. O seu fillo, Alfonso o Casto herdará os dous territorios.

